



Moredo - Palas de Rei, 1980-12

**Informante:** Julia (48)

**Compiladora:** Dorothe Schubarth

**Transcripción:** Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

Unha vella mais ben vella,  
máis vella có meu chapeu  
trazaronll' o casamento  
levantou as maus ó ceu.

Pasei pola túa porta  
co mandiliño cuberto,  
quedaba teu pai caghando  
co ollo do cu aberto.

Pasei pola túa porta,  
mirei pola pechadura,  
quedaba túa mai catando  
mata que mata na pulgha.

Unha vella mais ben vella  
mais vella ca Zaraghoza  
trazáronll' o casamento,  
da vella volveuse moza.